

## Procedemento para a tramitación das Titulacións de Grao da USC.

A Comisión de Titulacións e Programas de Estudo do Claustro Universitario, de conformidade co determinado no Real Decreto 1393/2007 de "Ordenación de las Enseñanzas Universitarias Oficiales", no documento "Liñas Xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao" aprobado polo pleno do Consello Galego de Universidades na súa reunión do 5 de novembro de 2007, así como na Programación Plurianual da USC, acordou, na súa reunión de data 14 de maio de 2008, aprobar a seguinte proposta de procedemento para que rexa o proceso de presentación das propostas de titulacións de grao e elaboración das correspondentes memorias de planos de estudo, para a súa aprobación por esta universidade e remisión ao Consello de Universidades co fin de iniciar o proceso de Verificación e Rexistro no RUCT e implantación, no seu caso, para ser impartidos. O Consello de Goberno da USC, tras a toma de consideración de dita proposta na súa reunión de data 30 de maio de 2008, acordou aprobar dito procedemento. Este procedemento será o que segue:

### 1. Propostas de titulacións e viabilidade inicial.

- 1.1. No caso da transformación dunha titulación de grao (ou de varias cunha proposta conxunta) existente(s) no curso 2007-2008 a Comisión de Titulacións, a proposta do/a seu/súa presidente/a, establecerá cales teñen viabilidade inicial e deben dar lugar a que se elabore un proxecto de memoria de plano de estudos. Contra esta decisión poderase recorrer ante o Consello de Goberno.
- 1.2. No caso dunha titulación de grao *ex novo*, a iniciativa na formulación da nova proposta pódela tomar o Equipo de Goberno, un centro, un departamento, un instituto de investigación ou un colectivo de docentes da USC.  
Neste caso a proposta deberá formularse ante o/a vicerreitor/a con competencias en Oferta Docente, incluíndo os seguintes elementos: (i) Denominación; (ii) Necesidade, Interese e Obxectivos da titulación; (iii) Docentes implicados na iniciativa; (iv) Áreas de coñecemento que poderían participar na oferta docente; (v) Comisión de Redacción.
- 1.3. Correspóndelle a Comisión de Titulacións, a proposta do seu presidente ou presidenta, elevar ao Consello de Goberno para a súa aprobación, o informe sobre a viabilidade inicial dunha titulación pola vía *ex novo*.
- 1.4. A vicerreitoría con competencias en Oferta Docente dará publicidade entre a comunidade universitaria da USC acerca das titulacións de grao as que se lles conceda viabilidade inicial, e acerca das modificacións que ao respecto, no seu caso, se produzan.
- 1.5. A Comisión de Titulacións establecerá o calendario de traballo para presentación final dun proxecto de memoria de plano de estudos para aquelas titulacións das que se asuma teñen viabilidade inicial. O/A vicerreitor/a con competencias en Oferta Docente poderá autorizar modificacións sobre dito calendario que deberá poñer en coñecemento da Comisión de Titulacións.

### 2. Nomeamento dunha Comisión de Redacción e elaboración dun borrador de proxecto de plano de estudos.

- 2.1. Cando se trate da transformación dunha titulación de grao (ou de varias cunha proposta conxunta) existente(s) no curso 2007-2008 que sexa(n) impartida(s) na súa totalidade nun único centro da USC, a elaboración do borrador de proxecto será encomendada polo/a Reitor/a a unha Comisión de Redacción elixida pola Xunta dese Centro (Escola ou Facultade). Neste caso, unha vez esta Comisión de Redacción sexa nomeada polo/a Reitor/a da USC, o centro comunicará a súa composición aos departamentos implicados con docencia no centro. Esta Comisión de Redacción estará presidida polo/a Decano/a ou Director/a do Centro e contará co apoio técnico do/a Responsable de Xestión de Centros e Departamentos. No caso de presentación de recursos respecto deste proceso, o Consello de Goberno da USC decidirá sobre os mesmos.
- 2.2. Cando se trate da transformación dunha titulación de grao (ou de varias cunha proposta conxunta) existente(s) no curso 2007-2008 que sexa(n) impartida(s) na súa totalidade en varios centros, a elaboración do borrador de proxecto será encomendada

polo/a Reitor/a da USC a unha Comisión de Redacción nomeada por el, que se conformará consonte a unha proposta de constitución da Comisión de Titulacións. A Comisión de Titulacións formulará a proposta de constitución da Comisión de Redacción atendendo ás peculiaridades da(s) titulación(s) en relación cos centros nos que se imparte(n). Esta proposta de constitución poderá ser modificada polo Consello de Goberno.

- 2.3. Cando se trate dunha titulación de grao *ex novo*, a elaboración do borrador de proxecto será encomendada polo/a Reitor/a da USC a unha Comisión de Redacción nomeada por el, que se conformará consonte a unha proposta da Comisión de Titulacións e contará co apoio técnico do/a Responsable de Xestión de Centros e Departamentos. Contra esta decisión de constitución poderase recorrer ante o Consello de Goberno.
- 2.4. En todos estes casos a Comisión de Redacción poderá contar coa colaboración dunha (ou varias) Comisión(s) Asesora(s) Externa(s) autorizada(s) polo/a vicerreitor/a con competencias en Oferta Docente a proposta da Xunta dun Centro, cando corresponda, ou a proposta da Comisión de Titulacións, en calquera caso.

### **3. Exposición pública do borrador de proxecto de plano de estudos.**

- 3.1. No caso de que a Comisión de Redacción sexa nomeada tras a súa elección pola Xunta dun Centro, o Decanato ou Dirección do Centro enviará a vicerreitoría con competencias en oferta docente o borrador de proxecto para que o someta a exposición pública para todos os membros da USC. O prazo de alegacións que se presentarán ante o Decanato ou Dirección será de 10 días naturais para as titulacións que vaian pola vía da transformación. Este borrador tamén se remitirá, para a súa difusión entre os axentes sociais, ao Consello Social e ao SXOPRA.
- 3.2. No caso de que a Comisión de Redacción sexa nomeada consonte a unha proposta de constitución da Comisión de Titulacións, a vicerreitoría con competencias en Oferta Docente asegurará a exposición pública do borrador de proxecto a todos os membros da USC. O prazo de alegacións ante esa vicerreitoría (ou a unidade, centro ou departamento en que a vicerreitoría dispoña) será de 10 días naturais para as titulacións que vaian pola vía da transformación e de 20 días naturais para as titulacións *ex novo*. Este borrador tamén se remitirá, para a súa difusión entre os axentes sociais, ao Consello Social e ao SXOPRA.

### **4. Elaboración dun proxecto de memoria de plano de estudos.**

A Comisión de Redacción elaborará un proxecto de memoria de plano de estudos, consonte ao previsto no RD 1393/2007, tras a análise das alegacións recibidas con motivo da exposición pública do borrador de proxecto de plano de estudos.

### **5. Pronunciamentos e informes acerca do proxecto de memoria de plano de estudos.**

- 5.1. Cando se trate dunha transformación dunha titulación (ou de varias titulacións cunha proposta conxunta) existente(s) no curso 2007-2008, a(s) Xunta(s) de Centro(s) no(s) que se imparta (ou impartan) completamente, xunto cos Consellos dos Departamentos implicados, deberán pronunciarse respecto ao proxecto de memoria de plano de estudos. Ditos pronunciamentos, xunto co proxecto de memoria, se remitirá ao/á presidente/a da Comisión de Titulacións da USC no prazo límite establecido por esta última. Dito pronunciamento deberá incorporar os votos particulares realizados e explicitados na(s) Xunta(s) de Centro, así como as alegacións presentadas ao borrador de proxecto de plano de estudos.
- 5.2. Cando se trate dunha titulación de grao *ex novo* a Comisión de Redacción remitirá o proxecto de memoria ao/á vicerreitor/a con competencias en Oferta Docente no prazo previsto por esta última. O proxecto deberá ir acompañado das alegacións presentadas ao borrador de proxecto de plano de estudos.
- 5.3. O/A vicerreitor/a con competencias en Oferta Docente asegurará os procesos para o examen da documentación polo SXOPRA e polas comisións que deben informar ao Consello de Goberno.

5.4. A Comisión de Titulacións e a Comisión de Organización Docente deberán recibir un informe técnico, elaborado polo SXOPRA, do proxecto de memoria do plano de estudos.

5.5. A Comisión de Titulacións se pronunciará respecto do proxecto de plano de estudos e elaborará un informe que fará chegar ao/a Reitor/a da USC. A Comisión de Organización Docente establecerá un informe acerca da capacidade docente dos departamentos implicados. Ditos informes serán remitidos ao/a Reitor/a, antes de que transcorra un mes respecto da data na que foi recibido o proxecto de memoria, cos votos particulares e alegacións de existir, polo/a presidente/a de cada unha das respectivas Comisións, para a súa toma de consideración no Consello de Goberno e no Consello Social.

A Comisión de Titulacións para elaborar o seu informe poderá solicitar aclaracións da Comisión de Redacción, convocar a quen estime necesario e solicitar o apoio de avaliadores externos a través da ACSUG.

A Comisión de Titulacións poderá formular suxestións de mellora do proxecto de memoria para que a Comisión de Redacción incorpore antes de que o Consello de Goberno se pronuncie sobre a proxecto de memoria. En todo caso ditas suxestións de mellora formarán parte do informe da Comisión de Titulacións.

#### **6. Aprobación na USC da memoria de plano de estudos dunha titulación de grao.**

6.1. O Consello de Goberno da USC se pronunciará respecto do proxecto de memoria e, no seu caso, aprobará a memoria de plano de estudos, coas modificacións que estime oportunas, para a súa tramitación ante a Consellería de Educación e, se procede, ante o Consello de Universidades.

6.2. O Consello Social da USC se pronunciará respecto da memoria aprobada polo Consello de Goberno para, se procede, a súa posterior tramitación.

#### **7. Tramitación da memoria de plano de estudos dunha titulación de grao.**

7.1. A memoria de plano de estudos dunha titulación de grao será presentada ante a *Consellería de Educación da Xunta de Galicia* para a autorización da súa tramitación.

7.2. Aprobada a tramitación dunha titulación de grao pola *Consellería de Educación*, a memoria remitirase ao *Consello de Universidades* para a súa verificación, publicación no *BOE* e rexistro no RUCT da titulación correspondente.

7.3. A implantación dunha titulación de grao será solicitada á *Consellería de Educación da Xunta de Galicia*.